

LEI 6/2017, DO 12 DE DECEMBRO, DE PORTOS DE GALICIA**Aspectos a destacar con incidencia municipal****1.- Plans directores de infraestruturas de Portos de Galicia.-**

Aínda que desaparece a consideración dos plans directores de infraestruturas de Portos de Galicia como plans de incidencia supramunicipal, que recollía o artigo 29 do Anteproxecto, o artigo 38.2 atribúe carácter supramunicipal ao sistema portuario.

En canto ao procedemento de aprobación dos plans directores de infraestruturas de Portos de Galicia, a Lei amplía a dous meses (un no anteproxecto) o prazo para a emisión de informe polos concellos afectados.

2.- Plans especiais de ordenación do porto.-

Recolle, ex novo, a previsión (artigo 39.8) que o prazo para a aprobación definitiva por un concello do plan de ordenación do porto será de 6 meses (dende a aprobación inicial), con silencio positivo a falta de resolución expresa.

A aprobación do plan de ordenación do porto require da previa delimitación dos espazos e dos usos portuarios.

Os plans directores de infraestruturas e os documentos de delimitación dos espazos e dos usos portuarios prevalecerán e vincularán a ordenación urbanística en varios aspectos (protección do dominio público, localización de infraestruturas, distribución de usos, etc)

A aprobación dos plans especiais de ordenación dos portos implicará, no seu caso, a necesidade de revisión ou modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico municipal.

3.- Obras e instalacións nos portos.-

Reduce o prazo a un mes (dous no anteproxecto) para entender emitido o informe polo Administración urbanística competente en caso de silencio.

Limita as obras e instalacións exceptuadas de control previo municipal a aquelas realizadas directamente pola Administración portuaria (o anteproxecto incluía tamén as dos particulares debidamente autorizados).

No artigo 41.1, en canto as obras de edificación ou urbanización a levar adiante nas zonas de colindancia coa zona de servizo dos portos ou instalación marítima, dispón que non poderán autorizarse sen previo informe de Portos, aínda que agora matiza que sempre que as mesmas teñan unha incidencia directa (por ocupar, permanente ou temporalmente, superficie de dita zona de servizo).

4.- Delimitación dos espazos e usos portuarios. (Zona de servizos).-

Mantén o réxime previsto no anteproxecto en relación co informe dos concellos en canto á aprobación ou modificación substancial do documento de delimitación dos espazos e usos portuarios.

5.- Actividades, instalacións, construcións.-

Sigue a manter a posibilidade de levar adiante na zona de servizo portuaria que non reúna as características naturais de bens de dominio público marítimo-terrestre (conforme os define a Lei de Costas) outros usos distintos aos estritamente portuarios, sempre que resulten compatibles cos mesmos, non prexudiquen o desenvolvemento futuro do porto e as actividades portuarias e se axusten ao planeamento urbanístico.

Sigue a recoller a posibilidade, previa petición ao Consello de Ministros, de permitir nos espazos portuarios as instalacións hoteleiras a partir dos 20 primeiros metros (50 no anteproxecto) dende a liña interior da ribeira do mar.

6.- Utilización do dominio público portuario.-

Recolle a posibilidade de usar o dominio público portuario por parte dos concellos (e outras Administracións públicas), pero o condiciona a subscripción dun convenio, onde se establecerán as condicións de uso, incluíndo as taxas, de ser o caso, e os custos que se deban asumir.

Desaparece a posibilidade de conveniar para a ocupación do dominio público por outras Administracións para levar adiante obras ou instalacións de uso público.

En canto ás taxas, debe sinalarse que a o proxecto de lei de acompañamento dos orzamentos 2018 recolle a modificación da Lei de Taxas no senso de eximir do pago da taxa por uso do dominio portuario as corporacións locais cando se trate de actividades encadradas entre as súas finalidades públicas e estas non sexan obxecto de explotación económica.

7.- Actividades comerciais e industriais no ámbito portuario.-

Incorpora a obriga das persoas autorizadas para desenvolver estas actividades no ámbito portuario de obter as licenzas e tributos que sexan esixibles por outras Administracións.

8.- Espazos portuarios susceptibles de segregación.-

A Lei establece como obriga para Portos (antes era unha facultade) a elaboración dunha relación de espazos pesqueiros e náutico-deportivos susceptibles de segregación.

9.- Lonxas xestionadas en réxime de monopolio.-

Suprime o monopolio local en materia de xestión de lonxas.